

Memoria de Actividades 2016 da Coordinadora Galega de ONGD

EDITA

Coordinadora Galega de ONGD
Rúa Basquiños 33, 1º A – 15704 Compostela
www.galiciasolidaria.org

REDACCIÓN

Coordinadora Galega de ONGD

DESEÑO E MAQUETACIÓN

conxenia.gal

IMPRIME

Tórculo artes gráficas S.L. Marzo 2016

Algunhas das actividades organizadas e desenvolvidas pola Coordinadora e das que se dan conta nesta memoria contaron co apoio financeiro da Xunta de Galicia (Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE) e o Concello de Santiago de Compostela.

Estas memorias foron impresas en papel reciclado e ambientalmente sostible.

INDICE

05	•	PRESENTACIÓN
09	•	O QUE FOI 2016
13	•	25 ANOS DE HISTORIA
19	•	QUEN SOMOS E COMO NOS ORGANIZAMOS
25	•	CAMPAÑAS
33	•	INCIDENCIA POLÍTICA
37	•	XORNADAS E FORMACIÓNS
47	•	TRABALLO EN REDE
51	•	COMUNICACIÓN
55	•	PLAN ESTRATÉXICO 2017-2020
59	•	TRANSPARENCIA



PRESENTACIÓN

Coas Memorias de actividades 2016, dende a Coordinadora Galega de ONGD queremos contarlle á cidadanía quen somos e que fixemos este último ano. Para nós e as 45 ONGD asociadas, este é un exercicio de transparencia e rendición de contas obrigatorio como representantes de parte da sociedade civil en Galicia.

O 2016 foi un ano cargado de traballo no marco do noso 25 aniversario, da elaboración dun novo Plan Estratéxico, das eleccións ao Parlamento Galego e da posta en marcha da primeira edición do Compostela+Solidaria. Actividades, que sumadas ás de incidencia, formación e traballo en rede, fixeron que 2016 fora un ano de intenso traballo que permitiu acadar éxitos e retos importantes.



QUE É A COORDINADORA?

A Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento é unha asociación sen ánimo de lucro que aglutina, en 2016, 45 ONGD que traballan no eido da cooperación internacional, a axuda humanitaria e a educación para a cidadanía global. A Coordinadora naceu en 1992 e dende entón é moito o traballo que leva feito para denunciar as causas estruturais da pobreza e as desigualdades; para promover o fortalecemento do sector das ONGD en Galicia; e para conseguir unha política pública de cooperación de calidade en Galicia e no Estado español.

DICIONARIO BÁSICO

No eido da cooperación ao desenvolvemento empregamos algunhas palabras e termos cos que pode que non esteades familiarizad@s. A continuación deixamos algunhas definicións propias que seguro vos axuda a seguir mellor estas páxinas:

■ COHERENCIA DE POLÍTICAS

O traballo pola Coherencia de Políticas é a integración da perspectiva de desenvolvemento no deseño, implementación e avaliación de todas as políticas públicas dun país, o que significa transversalizar o traballo polo desenvolvemento en toda a acción governamental. A integración activa da coherencia de políticas implica avanzar alén da creación de sinerxías e complementariedades entre políticas para garantir, na maior medida do posible, que o conxunto de políticas distintas á de cooperación ao desenvolvemento estean guiadas polo obxectivo superior da loita contra a pobreza e a defensa dos dereitos humanos de todo o mundo.

■ COMUNICACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO

A comunicación para o desenvolvemento aposta polas ferramentas e habilidades comunicativas para contribuír ao cambio social. O obxectivo é darlles voz ás persoas, principalmente aos sectores oprimidos ou invisibilizados da sociedade, para que expresen a súa propia visión das problemáticas, se empoderen e participen na toma de decisións ao respecto, erixíndose en protagonista da transformación cara un mundo máis xusto e igualitario.

Permite traballar contidos e actitudes dun xeito eficaz a través das novas tecnoloxías, promovendo destrezas de participación e diálogo para a defensa dos valores dunha cidadanía global, a miúdo ignorados nos medios de comunicación tradicionais.

■ EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA GLOBAL

A Educación para a Cidadanía Global (ECG) forma parte das pedagogías que pretenden afrontar os grandes retos do século XXI. Os seus contidos identifícanse co tratamento global das desigualdades e a posta en valor da diversidade e están orientados a diferentes públicos e




a persoas de todas as idades, sexos e culturas. Lévese a cabo en todos os ámbitos da educación (formal, informal, non formal), tanto en centros educativos regrados (escolas, institutos e universidades) como en espazos de lecer e tempo libre, lugares de traballo, o ámbito familiar, en tecidos asociativos e mesmo nos medios de comunicación.

Trátase dun concepto vivo e dinámico, suxeito ao cambio, tanto na teoría como na práctica, xa que ao longo da súa historia foi evolucionando vencellado ás perspectivas ou enfoques da mesma.

Dende a Coordinadora Galega de ONGD, entendemos a ECG como un proceso socio-educativo encamiñado a xerar consciencias críticas. Isto implica facer a cada persoa responsable e activa co fin de construír unha nova sociedade civil comprometida coa solidariedade, entendida esta como corresponsabilidade e coa construción dun mundo onde a equidade e a igualdade de oportunidades estean aseguradas, onde prevaleza a cultura da paz e as relacións estean baseadas na ética dos coidados e no principio de non discriminación, solidariedade e cooperación. A ECG ten por obxectivo, pois, crear unha cidadanía que participe activamente na transformación da sociedade, dende o ámbito persoal, comunitario e político.



The top of the page features a collage of various documents and a calendar page. A large, solid orange diagonal shape cuts across the page from the top-left corner towards the bottom-right, partially obscuring the collage and serving as a background for the title and sub-header.

O QUE FOI 2016

NO ESTADO ESPAÑOL

No Estado, 2016 contou cun contexto político inusual. Houbo dúas convocatorias de eleccións en medio ano e un goberno provisional durante máis de dez meses debido á incapacidade dos partidos políticos de poñerse de acordo á hora de negociar a investidura dun presidente. Neste proceso vimos numerosos cambios nos principais partidos políticos, a chegada de novos grupos parlamentarios ao hemiciclo e un número insoportable de vellos e novos casos de corrupción a todos os niveis políticos. Finalmente, Mariano Rajoy foi proclamado presidente do goberno español por segunda vez consecutiva.



Mentres, as cifras de desigualdade seguiron medrando: tres persoas (homes) acumulan a mesma riqueza que o 30% da poboación cunha maior situación de pobreza, é dicir, 14,2 millóns de persoas. O Estado español segue sendo o segundo da Unión Europea onde máis crecieron as desigualdades desde o inicio da crise, só por detrás de Chipre. Tamén, un dos estados europeos onde o sistema fiscal logrou reducir menos as desigualdades xa que as familias soportan ata o 84% da recadación fronte ao 13% das empresas.

En 2016, as violencias machistas seguiron a ser unha lacra social con terribles consecuencias: 105 mulleres foron asasinadas por homes; denunciáronse máis de 1.200 violacións e máis de 120.000 agresións machistas; a publicidade sexista apareceu impunemente nos medios e nas redes; e as condicións laborais das mulleres seguen a estar moi por debaixo das dos homes. Unha realidade insoportable que pon de manifesto a necesidade de seguir combatendo un sistema patriarcal que agrede e oprime as mulleres de forma global.

En Galicia, 2016 foi un ano marcado pola ampliación da maioría absoluta de Alberto Nuñez Feijóo no Parlamento e a chegada dun novo grupo parlamentario como líder da oposición. Fóra do hemiciclo, as cifras de pobreza e desigualdade volveron ser as protagonistas: leváronse a cabo unha media de 7 desafuzamentos por día; 702.000 persoas están a vivir en risco de pobreza e exclusión social (un 25,7% do total) e ata 132.000 atópanse en situación de pobreza extrema e sobreviven con ingresos inferiores a 332 euros mensuais.

NO MUNDO

O 2016 foi un ano marcado polas dolorosas cifras de desprazamentos forzosos en todo o mundo: 65 millóns de persoas viven lonxe das súas casas por causas políticas, económicas e ambientais. O mar Mediterráneo converteuse nunha gran fosa común na que miles de persoas seguen a perder a vida. Un drama de causas políticas ao que a Unión Europea respondeu aprobando un acordo con Turquía para que todas as persoas que chegan a Europa fuxindo da guerra e a fame sexan expulsadas. Un acordo inmoral e ilegal que vulnera a normativa europea e internacional e que supón un enorme risco para a vida de milleiros de persoas.

O 2016 estivo tamén marcado polo quinto ano da guerra e morte en Siria e pola cronificación de moitas outras guerras e “conflitos esquecidos” como os de República Centroafricana, Somalia, Eritrea, Sudán do Sur (con máis de 2.3 millóns de persoas desprazadas e 16.000 nenos soldados), ou Yemen (onde o 80% da poboación precisa de axuda humanitaria para sobrevivir). Tamén polo acordo de Paz en Colombia; pola elección de Donald Trump como presidente dos Estados Unidos e o auxe dos discursos xenófobos en occidente; pola morte de Fidel Castro e o asasinato en Honduras da activista medioambiental Berta Cáceres; polo terremoto de Ecuador que provocou centos de mortes e miles de persoas feridas; pola histórica destitución da presidenta de Brasil escollida democraticamente, Dilma Rousseff, por parte do Senado. Pola vitoria do Brexit no Reino Unido e polo terror provocado por Estado Islámico, principalmente, entre a comunidade musulmá.

Porén, 2016 tamén destacou porque a sociedade civil organizada persistiu na existencia de que os gobernos garantan o dereito de todas as persoas a ter unha vida digna; polas enormes mobilizacións e mostras de solidariedade da cidadanía coas persoas refuxiadas; polas loitas dos barrios, das aldeas e das comunidades que queren outro mundo posible. Tamén, polas denuncias das insoportables cifras de desigualdade, dos casos de violencia machista exercida contra as mulleres; dos intentos de abuso das grandes empresas sobre a soberanía popular. Polos primeiros meses de vixencia dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), unha nova oportunidade para acabar coas desigualdades e a pobreza no mundo.

En outubro, baixo o lema 'Ni Una Menos', tiveron lugar multitudinarias marchas en contra da violencia de xénero en toda América Latina; tamén nesas datas miles de persoas de todo o mundo saíron ás rúas en contra dos Tratados de Libre Comercio. Ao longo do ano naceron e medraron experiencias e proxectos que propoñen alternativas de produción, distribución e consumo e que respectan as persoas e o medio. Exemplos todos das loitas e das pequenas revolucións que, día tras día, están a liderar persoas en cada recuncho do planeta.





25 ANOS DE HISTORIA

A Coordinadora Galega de ONGD naceu o 1 de xuño de 1991 da man de dúas organizacións xa desaparecidas: Comisión Galega pro-Amazonia e Estudantes Solidarios. A este par de entidades se lles foron sumando, aos poucos, moitas outras organizacións e hoxe, 25 anos despois, na Coordinadora somos 45 ONGD asociadas. A maioría son ONGD galegas que xunto ás delegacións de organizacións estatais e internacionais formamos unha Coordinadora heteroxénea.



Aos inicios, a Coordinadora foi medrando ao poucos, ao mesmo ritmo que o facía e incipiente política galega de cooperación ao desenvolvemento. Ao tempo que novas ONGD se incorporaban á Coordinadora, a Xunta de Galicia publicou as primeiras convocatorias de subvencións para proxectos en países empobrecidos e para sensibilización. Era mediados dos noventa, a época das acampadas polo 0,7 en Galicia e no resto do Estado, un momento histórico no que a cidadanía durmiu e conviviu nas prazas das principais cidades reclamando que os gobernos destinasen o 0,7% do seu orzamento á Axuda Oficial ao Desenvolvemento. Moitas persoas e ONGD se formaron nesa loita que hoxe, 25 anos despois, segue a estar na nosa axenda política.

Co cambio de século, e cando a cidadanía galega saía masivamente as rúas para berrar “Nunca máis” e “Non á guerra”, na Coordinadora medramos e evolucionamos. Pasamos de ser un espazo de encontro entre unhas poucas organizacións a convertermos na representante do sector das ONGD en Galicia. Nesa época, abrimos a nosa sede en Compostela e asinamos o primeiro convenio de colaboración coa Xunta de Galicia.

A partir de 2005, o traballo de incidencia política obtivo os seus froitos. A Xunta de Galicia puxo en marcha a Dirección Xeral de Cooperación, aprobou o I Plan Director de Cooperación ao Desenvolvemento de Galicia, constituíu o Consello Galego de Cooperación e, no ano 2009, dedicou 12 millóns de euros a cooperación (0,1%), a maior cifra que, ata hoxe, investiu o goberno galego na política pública de loita contra a pobreza global. En 2010, ademais, conseguimos que os tres partidos con representación parlamentaria naquel momento se comprometeran na loita por un mundo xusto a través da sinatura do Pacto Galego contra a Pobreza, un documento impulsado pola propia Coordinadora que recolle compromisos políticos concretos en relación á cooperación internacional ao desenvolvemento, a loita contra as desigualdades e a favor da xustiza social.

A Cooperación Galega medraba (en fondos, instrumentos e calidade) e facíao tamén a tecnificación e especialización das ONGD, así como o traballo en rede da Coordinadora cara a fóra e cara a dentro. A partir de 2002, integrámonos na Coordinadora de ONGD – España e formamos parte da Coordinadora Galega para a Paz; en 2006, impulsamos a posta en marcha de cinco Comisións de Traballo internas sobre distintas temáticas: Comercio Xusto, Educación Para o Desenvolvemento, Incidencia Política, Normativa e Xénero que hoxe seguen en marcha.

A partir de 2010 e coa crise económica como talón de fondo, o contexto no que a Coordinadora e as ONGD galegas traballamos mudou. Os recortes xeralizados nas políticas sociais afectaron dun modo claro á cooperación en Galicia: de 2010 a 2014, o orzamento destinado á loita contra a pobreza global recortouse un 65% e moitos dos instrumentos de financiamento desapareceron ou non contaban con fondos suficientes. En paralelo, a realidade social e política no Estado promoveu a aparición de movementos sociais como o 15M, a Plataforma de Persoas Afectadas pola Hipoteca (PAH), as mareas cidadás en contra dos recortes na sanidade e a educación pública, etc. Tamén, unha maior visibilización de movementos sociais, organizacións e colectivos que, dende moito antes do inicio da crise, rexeitaban o actual sistema económico e político xerador de pobreza e desigualdades en todo o mundo e propoñían alternativas para mudalos.



Os recortes dos fondos dedicados a cooperación implicaron á paralización de proxectos e procesos nos países empobrecidos nos que participaban as ONGD, o cal fixo que moitas persoas perdesen a oportunidade de mellorar as súas condicións de vida. Ademais, moitas organizacións viron reducida a súa capacidade de mudar a realidade debido á diminución de persoal contratado nas ONGD, á precarización das condicións de traballo e ao peche dalgunhas delegacións. Chegou así a necesaria repolitización, un proceso que devolveu ás organizacións e á propia Coordinadora ao seu lugar de orixe despois dunha etapa de excesiva tecnificación. A defensa dos dereitos humanos en todo o mundo, á denuncia da vulneración destes dereitos tanto aquí como nos países do Sur, o traballo en rede no Norte e no Sur e a transformación social como fin último, forman hoxe, máis que nunca, parte indispensable da nosa folla de ruta.

Logo destes 25 anos de historia é moito o traballo que aínda queda por facer. Hoxe, 2.200 millóns de persoas viven en situación de pobreza extrema e as cifras de desigualdade non teñen precedentes; somos testemuñas do maior movemento de desprazamentos forzosos dende a II Guerra Mundial e o actual sistema económico está a xerar desequilibrios medioambientais e sociais que nos levaron a unha situación de crise ecolóxica. Dende a Coordinadora temos claro que é imprescindible seguir traballando dende o local para transformar o mundo nun lugar onde estean garantidos os dereitos sociais, políticos, civís, económicos e culturais de todas as persoas; un mundo onde a equidade e a igualdade de oportunidades estean aseguradas, onde prevaleza a cultura da paz e as relacións estean baseadas na ética dos coidados e no principio de non discriminación, solidariedade e cooperación.






CELEBRACIÓN

Para celebrar o aniversario e poñer en valor todo o traballo acumulado ao longo destes 25 anos, gravamos *Inconformistas. 25 anos de andaina solidaria*, unha curta documental producida por Agareso que fala da loita das organizacións galegas para mudar o mundo. Nela aparecen persoas que forman, e formaron, parte da Coordinadora que reflexionan sobre a evolución das ONGD e a necesidade de seguir promovendo unha cidadanía activa, crítica e comprometida coa xustiza e a loita contra as desigualdades. Tamén, sobre todo o traballo pendente, tanto por parte das ONGD como do resto de entidades, colectivos e movementos, para conseguir unha transformación social na que estean garantidos os dereitos de todas as persoas.

O documental estreouse o día 3 de xuño, data escollida pola Coordinadora para celebrar os 25 anos, na Sala de Arte Aire de Compostela. Na proxección do documental contouse coa participación do seu director, Xes Chapela, con Lorena Seijo, membro da Directiva da Coordinadora, e máis de 60 persoas que asistiron como público entre membros das ONGD, universidades, partidos políticos e administracións públicas.



LIÑA DO TEMPO





QUEN SOMOS E COMO NOS ORGANIZAMOS

ONGD SOCIAS

A Coordinadora conta actualmente con 45 ONG de Desenvolvemento integradas. En 2016 incorporáronse tres novas ONGD (Ecodesarrollo Gaia, Fundación Fabre e Humanismo e Democracia) e Labañou Solidaria deuse de baixa. Este é o mosaico das organizacións que hoxe forman parte da Coordinadora:



Na Asemblea Xeral da Coordinadora están representadas todas as ONGD integradas e en 2016 convocouse en dúas ocasións: unha ordinaria, o 12 de marzo; e outra extraordinaria, o 17 de decembro.





EQUIPO DE GOBERNO

A Xunta Directiva é o órgano de goberno da Coordinadora, a cal está formada por representantes de distintas ONGD elixidas pola Asemblea.

A actual Xunta Directiva está constituída por:

NOME	CARGO	ONGD REPRESENTANTE
GEMA FILGUEIRA GARRIDO	Presidencia	Médicos do Mundo
MARÍA PAZ GUTIÉRREZ	Vicepresidencia	Solidariedade Internacional de Galicia
PATRICIA IGLESIAS FERNÁNDEZ	Tesourería	Enxeñería sen Fronteiras
ALEJANDRO QUIÑOÁ CASTELEIRO	Secretaría	Asemblea de Cooperación pola Paz
LAURA CASAL GUILLÉN	Vogalía	Amigo da Terra
LORENA SEIJO SANMIGUEL	Vogalía	Asociación Galega de Reporteiros Solidarios
PATXI HURTADO DURÁN	Vogalía	Ecos do Sur
MAIKA BELTRÁN MOREIRA	Vogalía	Oxfam Intermon
GONZALO GESTO QUIÑOY	Vogalía	Panxea





COMISIÓNS E GRUPOS DE TRABALLO

Os grupos e as comisións de traballo son unha das canles de participación directa máis importantes da Coordinadora. Neles, as organizacións integradas e non integradas (e mesmo persoas a título individual) intercambian experiencias, saberes, reflexionan, chegan a acordos e impulsan iniciativas sobre os principais temas que afectan á axenda da Coordinadora.

Actualmente existen tres comisións de traballo que traballan sobre temáticas concretas (educación para o desenvolvemento; incidencia política; e normativa e código de conduta) e tres grupos de traballo territoriais en Coruña (grupo Norte), en Lugo e en Vigo (grupo Sur) que teñen o obxectivo de descentralizar o traballo da Coordinadora, que ten a súa sede en Compostela, e potenciar o traballo conxunto entre as ONGD locais na organización de actividades e na incidencia política. Os grupos territoriais son de recente creación (2014) e contan cunha importante participación e implicación a nivel local.

En 2016, ademais, púxose en marcha un novo grupo de xénero formado por persoas interesadas en formarse nesta temática e participar en procesos de sensibilización.

EQUIPO TÉCNICO

A Coordinadora tamén conta cunha equipo técnico formado por tres persoas contratadas que traballan nas áreas de administración; de comunicación externa e sensibilización; e de xestión de proxectos.



CAMPAÑAS

Ao longo do ano, a Coordinadora impulsou e participou en diversas campañas de sensibilización e mobilización dirixidas á cidadanía galega. O principal obxectivo destas campañas foi achegar información para a toma de conciencia sobre as causas e consecuencias das desigualdades e a pobreza global e as posibles alternativas para o cambio.



COMERCIO XUSTO

'Apúntaste á loita? Máis de 20 anos de Comercio Xusto en Galicia' foi o lema co que este ano as ONGD da Coordinadora, xunto a outros colectivos de economía social, celebramos o Día Mundial do Comercio Xusto en 7 cidades. O obxectivo: lembrar que en Galicia xa hai máis de 20 anos que abriron as dúas primeiras tendas de comercio xusto; participar na promoción dun comercio alternativo que estea ao servizo das persoas e do medio; e amosar que existen alternativas xustas, sostibles e ecolóxicas para o consumo de alimentos, roupa e produtos artesanais xusto ao noso carón.

En 2016, celebrouse tamén o 30 aniversario da apertura das dúas primeiras tendas de comercio xusto no Estado español, en Córdoba e Donosti. E dende Galicia sumámonos á celebración lembrando que as ONGD A Cova da Terra e Panxea, abriron no ano 1995 as dúas primeiras tendas de comercio xusto en Galicia. Dende entón, os establecementos onde se ofrecen produtos de comercio xusto medraron gracias ao traballo doutras organizacións e entidades como Oxfam Intermon, Solidariedade Internacional de Galicia ou Taller de Solidaridad. Hoxe, ademais, son moitos os comercios non especializados que venden alimentos, roupa e artesanía producida baixo criterios de comercio xusto.

Para visibilizar as alternativas e saír a rúa organizáronse ao longo do mes de maio, como ven sendo habitual os últimos anos, actividades en rúas e prazas de Galicia. Chegamos ata sete cidades (Vigo, Lugo, A Coruña, Compostela, Pontevedra, Vilagarcía e Vigo) nas que participamos na organización de feiras de comercio xusto. Ademais de venta de produtos e mesas informativas, ofrecéronse obradoiros de todo tipo (cociña, elaboración de pezas textís a partir de refugallo, globofexia...), houbo degustación de produtos, desfile de





roupa de comercio xusto, conta contos, charlas informativas, concertos, teatro, etc. Centos de persoas puideron gozar das actividades e experimentar coas alternativas e propostas que ofrece a economía solidaria.

Nestas actividades participaron ONGD da Coordinadora (Solidariedade Internacional, Oxfam Intermón, Taller de Solidaridad, Panxea, Mans Unidas, A Cova da Terra, Asemblea de Cooperación pola Paz e Proclade) e outros colectivos e proxectos sociais como Fiare Galiza, Bico de Grao, Mercado da Terra, a Rede Social Galicia Sur, cooperativas de consumidoras, cooperativas de agricultor@s locais, artesanía, etc.

Non caias na trampa do consumismo!

Coincidindo coas festas de Nadal, unhas datas nas que se promove aínda máis o consumismo, puxemos en marcha unha campaña para promover o consumo responsable baixo o lema **Nestas Festas, e o resto do ano, non caias na trampa do consumismo!** e o hashtag **#ConsumoResponsable**. A campaña creouse en 2015 e tivo moi boa acollida, motivo polo cal volvemos a utilizala este ano pasado. Difundimos cartelería específica e activamos un espazo web no que ademais de reflexionar sobre os procesos de produción, distribución e venda de determinados produtos, achegabamos alternativas no marco da economía solidaria nos ámbitos da alimentación, a tecnoloxía, a roupa, os xoguete, etc. A campaña tivo presenza e impacto nas redes sociais e contou coa participación de persoas, colectivos e ONGD.





ELECCIÓNS AO PARLAMENTO GALEGO

O 25 de setembro houbo eleccións ao Parlamento galego. Dende principios de ano, a Comisión de Incidencia estivo traballando nun documento de propostas electorais que foi compartido co resto de ONGD da Coordinadora e presentado aos distintos partidos políticos ao longo dos meses de agosto e setembro para que o tiveran en conta á hora de redactar o seu programa electoral. Baixo o título **O mundo que queremos**, elaboramos dous documentos (unha versión completa e outra reducida) que incorporaban, principalmente, 9 reivindicacións:

1. Recuperar a cooperación internacional como política pública: acadar en catro anos o 0,2% do orzamento da Xunta de Galicia dedicado a cooperación ao desenvolvemento. Isto implicaría pasar dos 4 millóns de euros actuais a 21 millóns.
2. Achegar recursos de calidade, responsables e previsibles. Isto tradúcese na necesidade de que o goberno asuma compromisos plurianuais e garanta o mantemento das distintas liñas de axuda para poder planificar as intervencións nos países nos que traballamos.
3. Promover a equidade de xénero evitando a discriminación e a violencia contra as mulleres, agravada nos países empobrecidos, e promovendo o seu empoderamento.
4. Educar para a cidadanía global co obxectivo de promover unha sociedade crítica e comprometida co cambio e a xustiza social.
5. Unha acción humanitaria de calidade que responsa aos conflitos, desprazamentos e desastres naturais que afectan millóns de persoas en todo o mundo.
6. Apoiar a Axenda 2030 aprobada polas Nacións Unidas en setembro de 2015 e na que se establecen os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible que deben cumprir todos os Estados asinantes, entre os cales o español.
7. Asegurar que a acción do sector privado non teña impacto negativo no desenvolvemento dos pobos e na garantía do cumprimento dos dereitos das persoas.



8. Fomentar a participación real da sociedade civil no deseño, organización e xestión das políticas públicas, tamén na de cooperación ao desenvolvemento.
9. Promover a coherencia de políticas con accións vinculadas ao dereito á vivenda e o hábitat, ao dereito ao auga ou á educación; medidas para combater a pobreza enerxética, o cambio climático e defender os dereitos das persoas migrantes; e toda unha serie de propostas para reducir a desigualdade económica e eliminar a evasión fiscal.

Por outra banda, para informar á cidadanía galega sobre as propostas das ONGD e para difundir os programas e compromisos dos distintos partidos, puxemos en marcha unha campaña de comunicación nas redes sociais. O obxectivo: informar e promover a toma de conciencia sobre a implicación das políticas autonómicas na loita contra a pobreza dentro e fóra de Galicia. Baixo o lema **O mundo que queremos** e o hashtag **#25_GaliciaSolidaria** ao longo do mes de setembro difundimos a través da nosa web e as contas de Twitter e Facebook da Coordinadora as propostas electorais, un resumo das reunións mantidas co BNG, En Marea, PsdeG e PPG e información sobre os compromisos electorais de cada partidos en materia de cooperación ao desenvolvemento e coherencia de políticas. Tamén publicamos as entrevistas feitas ás catro persoas representantes dos principais partidos que optaban á presidencia da Xunta nas que respondían cuestións vinculadas coa cooperación ao desenvolvemento, a loita contra a pobreza e a coherencia de políticas.



O MUNDO QUE QUEREMOS
PROPOSTAS DA COORDINADORA
GALEGA DE ONG PARA O
DESENVOLVEMENTO
ELECCIÓN GALEGAS
2016





POBREZA CERO

No marco da campaña Pobreza Cero que dende hai máis de dez anos ten lugar en todo o Estado coincidindo co 17 de outubro, día internacional pola erradicación da pobreza, organizamos os encontros **“As mulleres alimentan o mundo. Experiencias de comercio xusto e agroecoloxía en Nicaragua e Galicia”**.

Do 17 ao 20 de outubro, Lucila Blandón, da Asociación Aldea Global (asociación de pequenas produtoras de Nicaragua) e da cooperativa de café Tierra Madre, visitou A Coruña, Pontevedra e Vigo para achegar a súa experiencia. Fíxoo en dúas charlas e tamén en encontros nas tendas de comercio xusto de Oxfam Intermon e Solidariedade Internacional. Coa participación de Lucila e outras mulleres de colectivos rurais galegos (Horta do Cadaval, Sindicato Labrego Galego e Mulleres Rurais), afondouse nas problemáticas e alternativas de produción agrícola sostibles, tanto en Nicaragua como en Galicia. A situación das mulleres no campos, o funcionamento das cooperativas, a propiedade da terra, os mercados locais e de proximidade, foron algúns dos temas tratados.

En 2016, ademais, sumámonos á *Semana contra o Tratado Transatlántico de Comercio e Inversiones (TTIP)*, o acordo comercial entre a Unión Europea e Estados Unidos que pretende equiparar as normativas a ambos lados do océano e que busca rebaxar os dereitos das persoas e aumentar as privatizacións eliminando as barreiras ao comercio para crear un gran mercado que beneficie ás grandes empresas. Foron sete días de accións e actividades a nivel global en contra deste tratado que en Galicia tivo o centro de actividades e mobilizacións en Vigo da man da Plataforma ‘Non ao TTIP’.





X SOLIDARIO

A Coordinadora, xunto á Rede Galega contra a Pobreza (EAPN Galicia) e o CERMI, participou na presentación e difusión da campaña do X Solidario. Esta é unha campaña impulsada a nivel estatal que ten por obxectivo promover que cada contribuínte marque na declaración da renda o recadro de Fins Sociais para que o 0,7% da súa cota íntegra se destine a financiar programas dirixidos a colectivos e persoas que están en situación de vulnerabilidade. O X Solidario permite destinar unha parte dos nosos impostos a proxectos de acción social, de cooperación ao desenvolvemento e de medio ambiente. En 2016, presentáronse os datos da recadación de 2015 que amosaron que en Galicia aínda un 47% de persoas non marcou o X Solidario: 434.741 que non marcaron ningún recadro e 162.254 que só marcaron o da Igrexa.





INCIDENCIA POLÍTICA

QUE É A INCIDENCIA POLÍTICA?

A incidencia política persegue a transformación das políticas municipais, nacionais e internacionais de cara a acadar a transformación social e un mundo xusto. As accións que se levan a cabo neste ámbito intentan influír nos organismos e nas persoas que dende distintos ámbitos toman decisións que afectan ao benestar de todos e todas. Tamén busca a mobilización e a implicación da cidadanía a favor do cambio social.



ELECCIÓN AO PARLAMENTO DE GALICIA

No marco das eleccións galegas do 25 de setembro traballamos para incidir nos programas electorais dos distintos partidos políticos que, segundo as enquisas, ían contar con representación no Parlamento.

O primeiro paso para a posta en marcha da campaña de incidencia foi elaborar **O Mundo que queremos**, o documento onde incorporamos as propostas da Coordinadora en materia de cooperación ao desenvolvemento e coherencia de políticas e que foi entregado e compartido co BNG, En Marea, PSdeG e PPG co obxectivo que incorporaran as propostas no seus programas marco.

O traballo de incidencia tivo os seus froitos xa que todos os partidos apostaron por a aumentar os fondos de cooperación nos seus programas aínda que só o Bloque e En Marea comprometeron cifras concretas para a vindeira lexislatura. Foi a primeira vez, ademais, que as catro principais forzas políticas asumiron este compromiso despois dos recortes do 65% sufridos os últimos seis anos. Por outra banda, as entrevistas que fixemos ás persoas candidatas á presidencia da Xunta, serviron para contar con opinións e declaracións de cada un dos partidos máis alá dos programas electorais. Neste sentido, Ana Pontón (BNG) e Xaquín Fernández Leiceaga (PSdeG) asumiron publicamente demanda das ONGD galegas de incrementar ata o 0,2% o orzamento destinado á loita contra a pobreza global.





COOPERACIÓN GALEGA

A Cooperación Galega é nome que recibe a política pública de cooperación ao desenvolvemento da Xunta de Galicia. Actualmente, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores é o departamento do goberno con competencias, orzamento e planificación sobre esta cuestión e depende directamente de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia

É por este motivo que a Coordinadora fai nela especial incidencia política coa vontade de mellorar a política autonómica de cooperación. Neste sentido, e ao longo de 2016, traballou en diversas liñas:

- No marco das relacións coa Vicepresidencia da Xunta estívoase traballando nun convenio bilateral.
- Tamén con Vicepresidencia, negociamos a adaptación da normativa de subvencións ás especificidade dos proxectos de cooperación exterior para conseguir a eliminación da división orzamentaria por capítulos (IV e VII) para que non sexa obrigatorio ligar a execución das anualidades dos proxecto ás do ano orzamentario. Esta cuestión está pendente de resolver.
- Seguimento. A Coordinadora mantivo xuntanzas periódicas coas persoas responsables da Dirección Xeral de Relacións Exteriores para facer seguimento e incidencia no desenvolvemento da política pública de cooperación galega e o Plan Anual de Cooperación Galega 2016.
- No marco da Encontro de Comunicades Autónomas e Cooperación para o Desenvolvemento celebrado en xullo en Santiago de Compostela, a Coordinadora, como representante da Rede de Coordinadoras Autonómicas, leu un manifesto titulado “A cooperación descentralizada que queremos” e onde se reclamaba a necesaria aposta dos gobernos autonómicos á cooperación descentralizada.
- Orzamentos. A Coordinadora presentou aos partidos con representación no Parlamento unha proposta de emenda orzamentaria a todos os grupos parlamentarios na que se demandaba unha subida do orzamento destinado ao programa 331A de cooperación ao desenvolvemento ata os 6,8 millóns de euros. A mesma cifra recomendada pola Avaliación Intermedia do III Plan Director de Cooperación Galega.
- A Coordinadora tamén realizou achegas ao Anteproxecto de decreto de Cooperación Exterior, nos seus diferentes apartados e capítulos.
- Participación no Consello Galego de Cooperación ao Desenvolvemento (CONGACODE)
- Emendas ao borrador das convocatorias. Como ven sendo habitual, a Coordinadora fixo proposta de modificacións ao borrador das convocatorias que a Xunta de Galicia ten previsto publicar ao longo do ano.





COOPERACIÓN LOCAL

Mantivéronse xuntanzas periódicas coas principais administracións locais que traballan no eido da cooperación ao desenvolvemento local (concellos e deputacións) para facer seguimento e avaliación constante da evolución da política pública, fundamentalmente, do Concello de A Coruña, Lugo e Vigo e tamén da Deputación de A Coruña. Ademais, fixéronse achegas específicas ás bases de novas convocatorias locais de cooperación ao desenvolvemento que se publicaron ou se publicarán nos vindeiros meses, concretamente da Deputación de A Coruña, o Concello de Santiago de Compostela e o Concello de Lugo.





XORNADAS E FORMACIÓNS

XORNADAS DE REFLEXIÓN

A Coordinadora organiza todos os anos xornadas que teñen o obxectivo de promover a reflexión sobre cuestións específicas vinculadas co traballo que levamos a cabo as ONGD na defensa dos dereitos das persoas e a loita contra a pobreza e as desigualdades. Son xornadas abertas á cidadanía coas que buscamos xerar espazos de debate e promover o encontro de persoas, colectivos e organizacións de diversa índole. Esta ano organizamos, xunto a outras entidades e institucións, cinco encontros diferentes.



CONSTRUÍNDO O MUNDO QUE QUEREMOS

O día 20 de novembro a Coordinadora, xunto coa Campaña Impórtanos e a Rede Social Galicia Sur, organizou no Mercado do Calvario de Vigo unha xornada lúdica na que se deron a coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, un novo compromiso asumido en 2015 por todos os gobernos do mundo para poñer fin a pobreza e acabar coas desigualdades.

Ao longo do día organizáronse actividades dirixidas a todas as idades (obradoiros, concertos, conta contos, xogos...) nos que se trataron temas como o desenvolvemento humano sostible, as desigualdades globais e o comercio xusto. Os postos da praza de abastos onde normalmente se vende pescado, marisco, carne e vexetais enchéronse de propostas e xogos para a construción dun mundo máis xusto.

CONSTRUÍNDO O MUNDO
que queremos
A AXENDA 2030

DATA 20 > 11 > 2016
LUGAR Mercado do Calvario

HORARIO DE APERTURA AO PÚBLICO
12:00 a 14:30 h
16:30 a 19:00 h

PROGRAMA

ACTIVIDADES PERMANENTES Puntos de información, xogos e obradoiros para persoas adultas, nenos e nenas a cargo das ONG organizadoras.

18:00 a 18:15 h Concerto de **SARDOS** e degustación de produtos de Comercio Xusto

17:00 a 17:45 h Sesión de contos con música a cargo de **Bao Campos** e **David González**

18:00 a 18:30 h Desfile de moda de Comercio Xusto

18:45 h Lectura do manifesto e peche

Orgaizos **Colaboradores** **Patrocinadores**

Logos of partner organizations: UN, Oxfam, Greenpeace, etc.





IV ENCONTRO DE CIDADANIA AO PODER. XORNADAS DE ACTIVISMO CREATIVO CONTRA AS FRONTEIRAS CRIMINAIS. NINGUNHA PERSOA É ILEGAL!

A Coordinadora, xunto á Coordinadora Estatal de ONGD e a cooperativa Tempo de Loira, organizaron o IV Encontro de Cidadanía ao Poder que os días 13 e 14 de maio tivo lugar en Compostela. O encontro seguiu a estela das dúas xornadas celebradas en Madrid en 2014, e da xornadas de 2015 en Sevilla.

Xornadas de activismo creativo contra as fronteiras criminais. Ningunha persoa é ilegal! centrouse en dar a coñecer e afondar na complexidade da temática das migracións dende diferentes voces: dende a academia e a teoría crítica; e tamén coa voz dunha persoa que falou dende a súa propia experiencia como migrante. Por outro lado, as xornadas tamén serviron para crear de forma colectiva un fanzine que contrarrestara os discursos xenófobos e dogmáticos sobre as migracións e a mobilidade humana que se difundiu polas rúas de Compostela. En total participaron máis de 50 persoas que viñeron de distintos puntos do Estado como Madrid, Extremadura, Andalucía e as Illas Canarias, ademais de Galicia.





XORNADA DE REFLEXIÓN SOBRE AS TENDAS DE COMERCIO XUSTO

O 13 de decembro persoas vinculadas a ONGD e proxectos de economía social xuntáronse na Coruña co obxectivo de reflexionar colectivamente sobre a actual situación das tendas de produtos de comercio xusto en Galicia. O encontro organizouse para intentar dar solucións as dificultades que as entidades están a afrontar actualmente.

Sen dúbida ningunha, a crise económica supuxo un duro golpe para a sostibilidade das tendas: pola diminución das vendas e tamén polo descenso das capacidades económicas e humanas das organizacións (ONGD e cooperativas) que están detrás das tendas. Iso levou a unha aposta xeralizada por incorporar na oferta outros produtos relacionados con modelos de economía social como os de quilómetro cero, ecolóxicos, fresco, etc., e pola contra, descenderon as vendas de produtos de artesanía.

Por outra banda, o grupo coincidiu na necesidade de reforzar a sensibilización sobre o comercio xusto e de reforzar no discurso o elemento diferencial do comercio xusto con respecto doutros modelos de economía social: nas políticas comerciais Norte-Sur e as súas consecuencias sobre as sociedades empobrecidas.

A falta de coñecementos e formación específica en temas relacionados con xestión comercial foi identificado polo grupo coma unha das máis importantes debilidades que implican perda de eficiencia e eficacia na labor comercial. O obxectivo do grupo é seguri reflexionando conxuntamente en 2017.





CHOCOLATADA DE COMERCIO XUSTO

A Chocolatada Xusta celebrouse a tarde do martes día 13 de decembro na Praza de Abastos de Lugo, coincidindo co Mercado da Terra (mercado de produtos local e ecolóxico) que tamén forma parte da campaña 'Lugo, cidade por un Comercio Xusto'. Montáronse exposicións, organizáronse xogos para a reflexión e a crítica, houbo postas informativas e de venda de produtos de comercio xusto, ecolóxico e de proximidade. E, como non, unha chocolatada acompañada da música de Amparo e Roger de Flor.

En total participaron máis de 100 persoas.





COMPOSTELA + SOLIDARIA

En 2016, xunto a concello de Santiago organizamos 'Compostela+Solidaria', un programa de sensibilización que tivo por obxectivo dar a coñecer a realidade dos países empobrecidos, o traballo das ONGD galegas e as alternativas solidarias e xustas que dende o ámbito local contribúen a mudar o mundo. Para iso, leváronse a cabo máis de 30 actividades de balde ao longo dun mes, principalmente nos Centros Socioculturais da cidade, dirixidas a todas as idades. Foi a primeira vez que a Coordinadora e o concello de Santiago colaboramos para traballar conxuntamente na sensibilización da cidadanía sobre as causas e consecuencias da pobreza e as desigualdades globais.

A inauguración de "Compostela+Solidaria" o 17 de setembro contou cunha Feira de Economía Social, un espazo de encontro no que participaron mais de 30 colectivos diversos (ONGD, cooperativas, proxectos de economía social, agricultoras, artesás, etc.) que propuxeron actividades para aprender de forma lúdica, para debater e para consumir dun xeito responsable. A praza 8 de marzo do barrio de San Pedro encheuse de persoas que participaron nas distintas actividades: un almorzo de comercio xusto; unha charla sobre migracións forzosas; un programa de radio en directo; obradoiros con materiais reutilizables; conta contos; xogos cooperativos; un espazo de micro aberto para presentar proxectos sociais da cidade e un concerto final da man de Alberto Mvundi.

Pensar globalmente, actuar localmente

Ao longo dos 30 días que durou o 'Compostela+ Solidaria', programamos 35 actividades para todas as idades nos Centros Socioculturais da cidade: obradoiros lúdicos, proxeccións de documentais, debates, charlas, teatro, conta contos, manualidades, exposicións, ... Todos, espazos de convivencia nos que a cidadanía de Compostela puido coñecer de primeira man a realidade dos países empobrecidos, os efectos positivos da cooperación ao desenvolvemento neses contextos e as posibilidades de contribuír e mudar cuestións globais dende o noso día a día e a nosa realidade máis próxima. O 7 de setembro organizamos unha rolda de prensa conxunta co concello para presentar o programa e difundilo.

En total, 9 ONGD da Coordinadora organizaron as actividades (Agareso, Asemblea de Cooperación pola Paz, Educo, Enxeñería sen Fronteiras, Farmamundi, FISC, Humanismo y Democracia, Intered, Mans Unidas, Solidariedade Internacional de Galicia, Terra de Homes) que se levaron a cabo en 7 centros Socioculturais da Cidade. En total, calcúlase que máis de 500 persoas participaron nas actividades (a maioría nenos e nenas) e que ata 10.000 persoas tiveron acceso ás 15 exposicións instaladas na cidade.







FORMACIÓNS TÉCNICAS

Un dos obxectivos estratéxicos da Coordinadora é fortalecer as capacidades técnicas das ONGD integradas promovendo a reflexión e achegando coñecementos sobre cuestións diversas. Para iso, todos os anos organizamos formacións dirixidas ao persoal técnico das ONGD, ao voluntariado, ás persoas socias, etc. En 2016 ofrecemos tres formacións:

// Xornada de autoformación para ONG de Desenvolvemento

Co obxectivo de promover o intercambio de experiencias e saberes entre as ONGD, o 6 de setembro organizamos unha xornada de autoformación que contou con distintos espazos para a exposición e intercambio de experiencias e iniciativas das organizacións.

A xornada contou con catro espazos de traballo. A primeira mesa, de novas liñas de intervención, contou coa exposición de tres casos que reflicten como a especialización en temáticas concretas dentro do ámbito de cooperación e a educación para o desenvolvemento permitiu ás organizacións iniciar novas liñas de traballo. O segundo espazo foi un obradoiro de xestión do voluntariado no que se recolleron as experiencias e recomendacións prácticas para a implicación e o empoderamento do voluntariado nas ONGD. A terceira mesa centrouse en analizar tres experiencias no eido da Educación para a Cidadanía Global con públicos distintos ao alumnado de educación formal, o máis habitual. E, por último, o ágora de experiencias ofreceu a posibilidade a distintas organizacións de expoñer en 5 minutos actividades, iniciativas e procesos que están a ser significativas.

Con toda a información recollida na xornada elaboramos unha memoria que se atopa subida na nosa web (www.galiciasolidaria.org) que, ademais de incorporar as experiencias particulares, conta cos datos de contacto de todas as ONGD participantes, que foron 18: trece integradas na Coordinadora (AGARESO, Interred Galicia, Mans Unidas, Oxfam Intermon, Ecos do Sur, Médicos do Mundo, Solidariedade Internacional de Galicia, Enxeñería sen Fronteiras, Fundación H+D, Taller de Solidariedade, Arquitectura sen Fronteiras, FISC, Entreculturas) e seis externas (Cáritas Diocesana, Refuxio de animais de Cambados, Waka Films, Acadar, Centinelas, Érguete).

// Curso de Incidencia política no século XXI

Os días 3 e 4 de maio organizamos o curso “Incidencia política no século XXI: ONGD para o cambio social” co obxectivo de reflexión conxuntamente sobre a incidencia política que levamos a cabo as ONGD e atopar pistas concretas para mellorar este traballo. O curso combinou unha primeira parte presencial na aula e complementouse co acompañamento posterior mediante titorías.





O curso foi impartido polo Observatori del Tercer Sector que acumula unha ampla experiencia de traballo no ámbito da incidencia política das organizacións do terceiro sector desde os seus inicios, tanto dende a perspectiva da investigación como en actividades formativas, publicacións e acompañamento a organizacións.

// **Curso básico de Xénero e Desenvolvemento**

Os días 28 e 29 de setembro organizamos a formación básica sobre Xénero e Desenvolvemento. Este curso xurdiu da necesidade expresada por distintas ONGD da Coordinadora de adquirir coñecementos básicos sobre xénero tanto sobre cuestións xenéricas (roles de xénero, estereotipos, linguaxe inclusiva...) como cuestións prácticas no traballo de identificación, formulación, execución, seguimento e xustificación dos proxectos.

A formación contou con dúas xornadas de traballo. A primeira, baseada en repasar cuestións básicas sobre teoría de xénero; e a segunda centrada en revisar como incorporar o xénero nos distintos procesos do ciclo de proxectos e, tamén, en revisar a historia da Comisión de Xénero da Coordinadora co obxectivo de volver a poñela en marcha.

Ademais da sesión presencial, dende Femlegal, o equipo encargado da dinamización, elaboraron unha Memoria con todas as cuestións traballadas e, ademais, a través da súa plataforma on line puxeron a disposición do alumnado informes, guías, vídeos e bibliografía específica para ampliar os coñecementos de todas as cuestións tratadas.





TRABALLO EN REDE

Unha das liñas estratéxicas da Coordinadora é a de potenciar e afianzar alianzas estratéxicas con organizacións, institucións e colectivos cos que temos obxectivos comúns. En 2016 traballamos en rede con tres actores diferentes:



REDE DE COORDINADORAS AUTONÓMICAS DE ONGD

A Coordinadora forma parte da Coordinadora Estatal de ONGD (CONGDE) dende 2002 e participa dende hai anos activamente na Rede de Coordinadoras Autonómicas, un grupo interno no seo da Coordinadora Estatal que traballa na defensa da cooperación descentralizada (a que se fai dende os gobernos autonómicos, as deputación e os municipios) e no que hai representación do resto das 16 Coordinadoras Autonómicas de ONGD que hai no Estado español. No marco deste grupo coordínanse actividades de incidencia, compártense datos e estratexias na defensa da cooperación descentralizada e, ademais, organízanse espazos de reflexión e intercambio. Exemplo disto son as reunións semestrais do Grupo e o encontro anual de tres días de duración que en 2016 tivo lugar en Valencia.

En 2016, a Presidenta da Coordinadora, Gema Filgueria, volveu ser escollida como Vicepresidenta Segunda do equipo directivo da Coordinadora Estatal, un cargo para representar ás Coordinadoras Autonómicas.



REDE GALEGA CONTRA A POBREZA (EAPN GALICIA)

EAPNG Galicia é unha plataforma que aglutina organización do terceiro sector implicadas na loita contra a pobreza e a exclusión a través da defensa dos dereitos dos colectivos en risco e da súa participación comunitaria plena.

En 2016, as dúas organización seguimos a compartir local, o cal facilitou a coordinación e traballo en rede. Colaboramos na posta en marcha conxunta da Campaña do X Solidario (ver apartado 'Campañas') e a participación conxunta nas formacións e actividades que organizamos. Por último, compartimos algunhas das demandas conxuntas durante as eleccións ao Parlamento de Galicia.

REDE GALEGA DE APOIO ÁS PERSOAS REFUXIADAS

A principios de ano, xunto ao Foro Galego de Inmigración, impulsamos a creación da Rede Galega de Apoio ás Persoas Refuxiadas, unha plataforma formada por máis de 70 colectivos, asociacións, ONGD, sindicatos, partidos políticos e persoas individuais que ten por obxectivo mobilizar á cidadanía galega na defensa dos dereitos das persoas refuxiadas, informar sobre a súa realidade, denunciar a política migratoria da UE e incidir politicamente nas administracións.

A Rede presentouse publicamente o 20 de abril en rolda de prensa xunto ao manifesto e a convocatoria dunha mobilización o 23 de abril en Santiago de Compostela.

En xuño, a Rede convocou novas mobilización en toda Galicia arredor do 20 de xuño, día mundial das persoas refuxiadas. De novo baixo o lema 'Non ás guerras. Rachemos coas fronteiras' A Coruña, A Guarda, Compostela, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo saíron ás rúas para esixir rutas legais sen condicións; o cumprimento dos convenios internacionais en materia de asilo e refuxio; que se revise en profundidade a política migratoria e exterior europea; e o respecto dos dereitos humanos das persoas que se viron obrigadas a fuxir da guerra, a violencia e a fame.

Coincidindo co Día de Europa, iniciamos unha campaña para que os plenos municipais se posicionaran publicamente en contra do acordo entre a UE e Turquía que regula a expulsión das persoas que chegan a Europa fuxindo da guerra e a pobreza. Presentáronse máis de 40 instancias en concellos como A Coruña, Cedeira, Chantada, Compostela, Ferrol, Lalín, Lugo e Ourense. As respostas dos concellos foron variadas pero na meirande parte dos casos sumáronse á campaña.





COMUNICACIÓN

TOMAR A VOZ

Alén de difundir as actividades que levamos a cabo, dende a Coordinadora queremos tomar a palabra a partir das distintas ferramentas de comunicación das que dispoñemos co obxectivo de expresar a nosa visión do mundo e a nosa forma de querer transformalo. Para iso, en 2016 seguimos traballando para ter presenza de calidade nos medios de comunicación galegos e para reforzar os distintos canles de comunicación directa coa cidadanía.



Cos medios de comunicación compartimos o traballo que desenvolven as ONGD, cal é a importancia do voluntariado, o imprescindible do cumprimento dos compromisos políticos en materia de cooperación, a necesidade dunha sociedade crítica e comprometida... Tamén ofrecemso unha interpretación crítica e alternativa da realidade global poñendo un especial foco na concepción de que o “local é global”.

Para iso, marcáronse algunhas datas estratéxicas (día mundial do comercio xusto, día internacional para a erradicación da pobreza, etc.), e enviáronse notas de prensa de todas as actividades públicas organizadas pola Coordinadora. Tamén, comunicado e notas de prensa conxuntas con EAPN Galicia e o Cermi Galicia no marco da campaña do X Solidario; e coa Rede Galega de Apoio ás Persoas Refuxiadas para difundir as distintas mobilizacións convocadas.


Nos últimos anos, e aínda que a realidade dos medios de comunicación en Galicia mudou moito, conseguimos manter, e mesmo aumentar, a nosa presenza (a nivel cuantitativo) nos medios de comunicación: diminuíu nos convencionais e aumentou nos alternativos.

COMUNICACIÓN



3

Roldas de prensa



93

Impactos
Comunicativos



5

Convocatorias
de prensa



11

Notas de prensa /
Comunicados



23

Entrevistas
concedidas



FALAR DENDE A REDE

O traballo de comunicación da Coordinadora vai máis alá dos medios de comunicación. Contamos dende hai máis de dez anos coa web www.galiciasolidaria.org, un portal de referencia para a información vinculada co traballo das ONGD en Galicia. O web, permite a subscrición ao noso boletín electrónico que, todo os luns pola mañá, envía información sobre as actividades e novidades desa semana. Un boletín que en 2016 mudou de aspecto para chegar a máis xente.

Por outro lado, temos presenza en catro redes sociais.

REDES SOCIAIS



Twitter

2.231 seguidor@s
e 6.100 chíos



Web

42.596 visitas



You tube

22 vídeos propios
e acumula
3.873 visualizacións



Facebook

2.161 amizades



Flickr

999 fotos propias



PARTICIPACIÓN EN XORNADAS E FOROS

Comunicar non é só enviar notas de prensa ou mover información a través das redes sociais: é algo moito máis integral. Por iso neste apartado incorporamos a participación que a Coordinadora tivo en xornadas, foros e seminarios para contar quen somos, que facemos e cales son os nosos obxectivos.

- Que é o comercio xusto?, charla no Mestrado de Estudos Internacionais da USC
- Presentación da Coordinadora no 'VI Seminario de Xornalismo Social e Cooperación Internacional' organizado por AGARESO e ACPP
- 'Como comunicamos as ONGD?', no 'VI Seminario de Xornalismo Social e Cooperación Internacional' organizado por AGARESO e ACPP
- 'Que é a Coordinadora Galega de ONGD?', charla sobre o traballo da Coordinadora e das ONGD ao alumnado do Mestrado de Relacións Internacionais da USC.



The top of the page features a collage of documents and a logo. The logo is a white circle with a red '25' and the word 'ANIVERSARIO' in red. Below it, the text 'COORDINADORA' and 'DE' are visible. The background of the collage includes a blue document with the word 'ECONOMÍA' and a white document with the word 'LÍNEA'.

PLAN ESTRATÉGICO 2017-2020

Ao longo do ano 2016 elaboramos o Plan Estratéxico da Coordinadora 2017-2020. Foi un ano de traballo conxunto entre as ONGD e os distintos órganos da Coordinadora (Xunta Directiva, Comisións e Grupos de Traballo e Secretaría Técnica) xunto á persoa que nos acompañou ao longo deste proceso, Luis Pemán, da consultora AID Social.



O novo Plan elaborouse a partir da avaliación do anterior e coa vontade de adaptar o novo documento ao actual contexto social e político. Foi necesario ter clara a actual fotografía da Coordinadora e do noso entorno para poder establecer os obxectivos e as estratexias que se desenvolverán ao longo dos próximos catro anos. Tamén revisamos os nosos valores, a misión e a visión, un proceso que nos permitiu tomar aire e pensar en voz alta que somos e que nos gustaría chegar a ser os vindeiros anos. Por último, establecéronse as accións que queremos levar a cabo e os indicadores para facer un axeitado seguimento do Plan. Como resultado deste traballo, redactamos o Plan Estratéxico da Coordinadora 2017-2020 que foi aprobado por unanimidade na Asemblea Xeral Extraordinaria o 17 de decembro de 2016.

O novo Plan dá un especial protagonismo ao traballo de incidencia política e aposta pola incorporación da Comunicación ao Desenvolvemento como ferramenta imprescindible para a transformación social. Por outra banda, segue apostando pola promoción da Educación para a Cidadanía Global e, tamén, polo fortalecemento da estrutura organizativa da propia Coordinadora.

O PLAN CONTA CON 4 LIÑAS ESTRATÉXICAS:

L.E.1. Incidencia Política

L.E.2. Comunicación e Cambio Social


L.E.3. Representatividade da Coordinadora

L.E.4. Desenvolvemento Organizativo

E CON 5 OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS:

- **O.E.1.** Promovida a incidencia na mellora da Política Pública e Social de Cooperación ao Desenvolvemento e a Coherencia de Políticas das administracións galegas como garantes dos Dereitos Humanos e do desenvolvemento humano sostible.
- **O.E.2.** Promovida a Educación para a Cidadanía Global.
- **O.E.3.** Impulsada a Comunicación para o Desenvolvemento como ferramenta imprescindible para a transformación social.
- **O.E.4.** Aumentada a lexitimidade da Coordinadora como representante do sector das ONGD en Galicia.
- **O.E.5.** Fortalecida a estrutura organizativa de Coordinadora.

O documento do novo Plan Estratéxico está colgado na web da Coordinadora. Nel aparecen todas as actividades e os indicadores de seguimento para darlle cumprimentos os vindeiros 4 anos.





TRANSPARENCIA

FERRAMENTA DE TRANSPARENCIA E BO GOBERNO DA COORDINADORA

No ano 2009, a Comisión de Normativa propuxo como instrumento de seguimento e cumprimento do Código de Conduta da Coordinadora a adopción da ferramenta de Transparencia e bo goberno. Esta ferramenta foi deseñada coma unha relación de indicadores obxectivamente verificables que, acompañada dunha metodoloxía de uso, permite verificar o grao de transparencia e bo goberno das ONGD e da propia Coordinadora.



Por un lado, esta iniciativa quere ter un enfoque promotor da transparencia e o bo goberno entre as ONGD membro, identificando unha serie de parámetros que o conxunto do sector identifica como boas práctica. E polo outro lado, a aplicación deste procedemento suporía un exercicio público de rendición de contas.

De acordo ao mandato da Asemblea Xeral de ONGD socias, os anos 2016 e 2017 as ONGD socias terán que presentar a autoavaliación da ferramenta de transparencia de forma voluntaria, no 2018 a ferramenta con auditoría, aínda de forma voluntaria, e no 2019 con auditoría e xa de maneira obrigatoria.

Ao longo do 2016, dende a Comisión de Normativa e Código de Conduta fíxose un chamamento ás ONGD para que se sumaran a este primeiro ano do proceso de implantación da ferramenta no que se pedía unha autoavaliación voluntaria. A Comisión acompañou ás ONGD proponendo cambios para mellor o funcionamento, revisando a documentación aportada e tendo reunións individuais con cada unha delas para resolver os problemas concretos. Foron 3 as ONGD (Agareso, Solidariedade Internacional de Galicia e Enxeñería sen Fronteiras) que se animaron a participar e que, a finais de 2016, aínda se atopaban no proceso de revisión e adaptación.

INGRESOS E GASTOS DA COORDINADORA EN 2016.

INGRESOS 2016		GASTOS 2016	
CONVENIO XUNTA DE GALICIA	90.000 €	GASTOS CORRENTES	9.006 €
COTAS ONGD SOCIAS	9.750 €	PERSOAL	76.832 €
CONCELLO DE SANTIAGO	12.000 €	ACTIVIDADES	28.014 €
OUTROS	1.557 €	TOTAIS	113.854 €
TOTAIS	113.307 €		



CON QUEN NOS REUNIMOS EN 2016?

A Coordinadora mantivo ao longo do ano 2016 un total de 73 reunións externas. As administracións públicas (autónómicas e locais) foron os actores con quen máis encontros mantivemos. Este feito débese ao traballo de seguimento despois das eleccións municipais de 2015 a partir do cal o eido da cooperación local reforzouse dende os grupos territoriais. Por outra banda, mantivemos as reunións representantes da Cooperación Galego e do goberno da Xunta para cuestións vinculadas coa política pública de cooperación de Galicia. En segundo lugar, atópanse as reunións mantidas con outras Coordinadoras Autonómicas e coa Coordinadora estatal de ONGD. En terceiro, están as reunións no marco da Rede Galega de Apoio ás Persoas Refuxiadas, unha plataforma impulsada pola propia Coordinadora e o Foro Galega de Inmigración e que ao longo de 2016 tivo unha intensa actividade. Logo, por orden, están as reunións con ONG de Desenvolvemento e acción social; reunións con partidos políticos (no marco das eleccións ao Parlamento); e as xuntanzas cos grupos parlamentarios e as universidades.

